

# Apuntamentos para unha historia da fotografía en Lugo

---

Eduardo Ochoa

**Resumo:** percorrido polos acontecementos máis importantes da historia da fotografía en Lugo, dende que se ten coñecemento da súa chegada á nosa cidade, ata o momento presente.

*Resumen:* Recorrido por los acontecimientos más importantes de la historia de la fotografía en Lugo, desde que se tiene conocimiento de su llegada a nuestra ciudad, hasta el momento presente.

*Abstrac:* A journey through the most important events of the history of photography in Lugo, from the first mention of its arrival in our city to the present.

A fotografía foi presentada oficialmente en París en 1839 e xa, ese mesmo ano, en Barcelona, o 10 de novembro, realizouse a primeira demostración pública da realización dunha fotografía; unha semana despois, e en Madrid, realizouse o seguinte ensaio.

## As orixes

Loxicamente, a vertixinosa difusión da fotografía por todo o mundo tamén alcanzou Galicia. Quizais un dos primeiros fotógrafos que chega a Lugo sexa Rodríguez y Romay, que traballou na nosa cidade en 1867. Outro nome é o de Avrión, que andou fotografando pola Coruña e Lugo a comezos do século XX.

Un fotógrafo importantísimo do século XIX foi Maximino Reboredo Blanco, aínda que a súa obra non foi coñecida ata o ano 1997: grazas ás obras que se realizaban no ático da casa nº 19 da rúa San Marcos da nosa cidade, Xulio Reboredo Pazos descubriu, ao ser retirado un teito de escaiola, unha grande cantidade de placas de cristal, o autor das cales fora Maximino Reboredo Blanco, tío avó seu e fotógrafo e pintor que tiña o seu estudio na devandita rúa. O arquivo consta de máis de 400 placas de cristal, a maioría de 13 x 18 cm e o resto de 9 x 13 cm; as devanditas placas conservábanse nas caixas de cartón en que viñan as orixinais, das casas Soci t  Anonyme des Plaques et Paiers Photographiques de A. Lumiere & Ses Fils e da casa Plaques du Dr. D. V.



Rodríguez y Romay

Mockhoven. Apareceron tamén botellas de cristal para os distintos produtos químicos, pero o que realmente ten un enorme valor é a colección de placas dunha grande variedade temática: retratos de militares e de curas, así como personaxes urbanos e grupos familiares; fotografías da cidade; temas de actualidade como desfiles procesionais, feiras, construción de edificios e actuacións de espectáculos na rúa; fotografías de mortos; temas rurais, etc. Maximino Reboredo Blanco naceu o 27 de xuño de 1876 en San Xoán de Silva de Ribeiras de Lea (Lugo), e morreu o 15 de febreiro de 1899 na nosa cidade, o que nos permite comprobar como eran os vestidos e fisionomías das clases urbanas de Lugo, así como a do mundo rural de entón. Á parte do valor documental, teñen tamén valor estético, pois a maioría delas son unhas imaxes belísimas, especialmente os retratos, tanto os individuais como os de grupo, son dunha gran elegancia nas poses, difícil de atopar moitas veces na fotografía actual.

Cando falamos de fotógrafos de finais do XIX e principios do XX tendemos a valorar dun xeito case exclusivo os seus traballos dende un punto de vista etnográfico, pois isto nos permite recuperar a memoria histórica e, á parte do nostálgico que resulta, serve de grande axuda á hora de restaurar edificios ou prazas, recuperar vestimentas e todo o que se pode sacar de ter un documento fotográfico con máis de cincuenta ou cen anos... pero tamén hai que dicir que moitos fotógrafos hoxe valorados polo valor documental da súa obra, resultarían totalmente prescindibles se estivesemos a falar dunha historia da fotografía creativa, de autor, persoal ou como se lle queira chamar. Maximino Reboredo foi un fotógrafo no que á parte do valor documental da súa obra (etnograficamente falando) hai que destacar o seu talento, a súa visión e a enorme elegancia que transmite a súa obra, pois fixo algo máis que retratar o que estaba diante da súa cámara; por iso a súa obra ten un dobre valor.

Do seu traballo publicouse un catálogo por parte da Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago e a Fundación Dez de Marzo no ano 2003 (*Maximino Reboredo*,

*Fotografías*. [c.1892-1899]. Texto Julio Reboredo Pazos). Tendo en conta que morreu antes de cumprir os vinte e catro anos, sorprende a cantidade e a variedade de temas tratados pero sobre todo a calidade do seu traballo.

José Gil (1870-1937), fotógrafo e cineasta nacido na provincia de Pontevedra e afincado en Vigo, veu polo menos en tres ocasións a Lugo en 1904, 1914 e 1919. Realizou exposicións, entre outros sitios, no Círculo das Artes, con notable éxito a vulgar polos traballos que se lle encargaron.

Xa metidos na década dos vinte, e como fotógrafos profesionais, actuaron Carballés, que tiña un estudio na rúa da Raíña e que traballaba con luz natural procedente dunhas amplas cristaleiras; Constantino Rodríguez, na rúa Conde Pallares, que alternaba na década dos trinta a luz natural coa eléctrica; na rúa San Marcos, o fotógrafo Lamela, posteriormente establecido na Coruña; Quintero, quen durante algún tempo percorreu as feiras como fotógrafo minuteiro; Juan José, que chegou á nosa cidade ao redor de 1942, fixando o seu estudio no Campo Castelo, logo na praza Maior e posteriormente ata a súa xubilación, na rúa da Raíña, no estudio que alí tivo Manito, a quen llo colleu en traspaso.

Entre os precursores ou “primitivos” que practicaban a fotografía como afección “pura”, tamén chamados no seu tempo “fotógrafos artísticos”, termo hoxe en desuso, estaba Salvador Castro Freire, farmacéutico na rúa San Pedro. Este afeccionado percorreu a provincia fotografando monumentos, paisaxes e escenas típicas cunha cámara de 13 x 18. Pero foi quizais máis coñecido no seu tempo polas súas vistas estereoscópicas. No ano 1951, e financiado polo Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia, publicouse o seu libro *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*, ilustrado con numerosas fotografías da nosa cidade tomadas por el. Deste autor publicou en 1982 unha recompilación gráfica José María Álvez, que foi editada pola Deputación Provincial de Lugo. Outros foron Pedro Varela, que exerceu a tripla profesión de pintor, gravador e fotógrafo; Leopoldo Gasalla Domínguez, Manuel López Vila, Ángel Vega Barrera e Valentín Roldán Regal.

A afección en aqueles tempos estaba recluída máis ben en faladoiros como a do café Méndez Núñez, que xuntaba a intelectuais, pintores, fotógrafos, etc. Tamén no Círculo



Maximino Reboredo Blanco



Pedro Varela



Valentín Roldán Regal

das Artes existían faladoiros, ao igual que nos cafés A Terraza, Centro, Ybor (antecedente do actual Madrid), Flor, etc., onde se mostraban e comentaban as fotografías. Outro xeito de facer promoción do labor desenvolvido nos anos trinta e corenta, e non soamente no feito fotográfico, eran as conversacións matinais no Círculo das Artes, onde Valentín Roldán Regal pronunciou, en 1948, unha conferencia titulada “Cuarenta minutos de arte fotográfico”. Tamén os concursos tiñan importancia como vía de difusión do quefacer fotográfico, como o patrocinado en 1935 polo Círculo das Artes, chamado I Salón de Outono de Fotografía, que lle concedeu a súa medalla de ouro a Leopoldo Gasalla, a de prata a Luis Vázquez Fernández Pimentel (máis coñecido como poeta), de monumentos a Valentín Roldán Regal e de temas locais a Ángel Vega Barrera.

As instalacións do Centro de Iniciativas de Turismo acolleron tamén, entre outras actividades, á fotografía, facendo promoción dela en exposicións e concursos. En 1943, no mes de xullo, nas galerías da Deputación Provincial, que levan ao Paraninfo desta, tivo lugar unha exposición moi visitada e que causou un forte impacto, sobre aspectos urbanos da cidade, comparando o Lugo de fin do século pasado e principios deste co Lugo dos anos corenta. Os negativos de temas de fin e principios de século eran de Salvador Castro Freire, positivados por Valentín Roldán Regal e as fotografías “actuais” dos anos corenta eran de Roldán.

No ano 1929, o director da editorial P.P.K.O. de Vigo, José Cao Moure, publicou o libro *Lugo e a súa provincia. (Libro de Ouro)*, patrocinado e subvencionado pola Excm. Deputación Provincial e os Excmos. Concellos de Lugo, Chantada, A Fonsagrada, Mondoñedo, Monforte, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Para reproducir nel, Maruja Mallo pintou o cadro *Guía Postal de Lugo*, cadro que actualmente se atopa no Museo Provincial de Lugo; tamén se reproducen diversas augafortes de Castro-Gil e sobre todo un bo número de fotografías de diversos aspectos urbanos e paisaxísticos dos diversos concellos que contribuíron ao patrocinio da devandita publicación,



debidas a C. Rodríguez, R. Lamela, S. Castro Freire, F. Ramos, R. Gómez Montero, Sáez, R. Barro, C. Pena e L. Gasalla, do cal, e entre outras, se reproduce unha fotografía do estanque do parque co seguinte pé de foto: “No parque de nova creación os cisnes prenden o acorde da auga azul e da beira verde, coa inmaculada pureza das súas plumaxes de neve”; texto moi indicativo do talante do libro en cuestión.


Na década dos 30, e baixo a dirección de Juan Gil Cañellas, publícase o álbum *Las Bellezas de Galicia*, o cal, como o seu título indica, consta dunha serie de fotografías, algunhas moi interesantes, de vistas urbanas, monumentos, paisaxes, etc., de Galicia, entre as que se atopan 46 fotografías de Lugo, repartidas en seis series: *A Capital, A Catedral, Museo Provincial, A Muralla, Poboacións e Paisaxes*. O autor, ao final, agradécelles a colaboración fotográfica, entre outros, aos autores lucenses Eladio Cornide e Manuel Vázquez Seijas.

### Agrupación fotográfica lucense

Xa en tempos máis recentes, algo que marcou dun xeito importante o quefacer fotográfico na nosa cidade, foi a creación da Agrupación Fotográfica Lucense de Educación e Descanso.

En novembro de 1958 redáctanse os Estatutos fundacionais e en xaneiro do ano seguinte constitúese a primeira directiva provisional desta, formada por Juan José Vivancos como presidente, José Luis Vega Fernández como vicepresidente, Valentín Roldán Real como secretario, Juan Bazarra Hermida como vicesecretario, César Quijada Ruiz como tesoureiro-contador e os vogais: Laureano López Morán, Benito Lázaro Rojo, Manuel López Vila e Luis Rueda Sánchez. Un ano despois, en 1960, publícase o número 1 do Boletín da Agrupación, que tivo unha publicación máis ou menos regular ata finais dos anos sesenta. A Agrupación Fotográfica Lucense de E. e D. desenvolveu





Bolletín editado pola AFL



Luis Rueda



Juan José Vivancos

unha frutífera actividade con concursos como o Trofeo Folla de Carballo, para o cal e actuando como xurado en distintas edicións pasaron pola nosa cidade fotógrafos de prestixio na concursística do momento, como Ignacio Barceló, Juan Dolcet, José Segura Gavilá, Pedro Marrugat Querol, Iñaki Markaida, Joan Fontcuberta, José A. Marín Chacón, Miguel Oriola, Gonzalo Vinagre, Salvador Obiols. Fixéronse tamén cursos de iniciación á fotografía e faladoiros como a Foto da Semana, que se celebraba os luns no local social, expoñéndose as fotografías seleccionadas nunha vitrina dos soportais da praza de España e publicándose posteriormente no diario *El Progreso*.



Unha das coleccións presentadas ao concurso fotográfico, Trofeo Folla do Carballo, na súa modalidade de secuencias, do autor Joan Fontcuberta.


## Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá

En 1977, un grupo de afeccionados á fotografía e ao cine, pensaron que unindo esforzos poderían levar a cabo actividades importantes no mundo da imaxe e crearon o Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá. As primeiras reunións deste novo grupo tiveron lugar no estudio de Foto-Cine Riaño, máis tarde alugaron un local na rúa Progreso, e no ano 1980 compraron un local na rúa Concepción Arenal, que conta con Sala de Xuntas, Biblioteca, Laboratorio e Sala de Montaxe e Proxección. Outro acontecemento importante no mundo fotográfico lucense aconteceu no ano 1980, o día 24 de setembro, cando a Agrupación Fotográfica Lucense se integrou no Grupo Fonmiñá.

Foron moitas e importantes as actividades desenvolvidas polo Grupo Fonmiñá no mundo do cine, como as Semanas Internacionais de Cine de Autor, a Mostra de Cine Galego que tivo lugar en maio de 1980, cursos de Iniciación ao Cine impartidos por Carlos Soler Viñas e por Antonio Mourelos Blanco, Ciclos de Cine Infantil, etc.

No mundo da fotografía, as actividades máis destacadas son a Bialnal Lucense de Fotografía, exposición na Sala da Deputación Provincial e libro con textos de Ánxel Fole e Claudio Rodríguez Fer, que recolle obras de José Luis Arias, Miguel Calvo, Francisco Espinar, Toñi F. Ónega, Hipólito Galán, José Federico García, Miguel Grandío, José M. Guisasola, José L. Orozco, José Reigosa, Eduardo Ochoa, Valentín Roldán Real, Gonzalo Sánchez e Carlos Valcárcel, en 1985, exposicións como as de José Torregrosa, José María Ribas Prous, Joaquín Cabezas Rectoret, Manuel Sendón... e exposicións de cámaras antigas como a celebrada, no ano 1978, na Sala de Exposicións do Banco de Crédito e Inversións, sendo posiblemente a primeira exposición de cámaras antigas que se celebra na nosa cidade (entre as cámaras expostas figuraba unha "Autographic" de 1910).

Pero, quizais, unha das actividades máis importantes desenvolvidas polo Grupo Fonmiñá sexan as distintas edicións das Mostras Fotográficas. A celebrada en 1989, estivo dedicada á Paisaxe, e nela expuxeron en Lugo fotógrafos europeos coincidindo co 150 aniversario da presentación da fotografía na Academia das Ciencias de París. En 1991, a Mostra foi dedicada ao Retrato, expoñéndose as obras no Museo Provincial de Lugo, Círculo das Artes e Sala da Deputación Provincial. No ano 1993, dedicouse ao Nu, tamén nas Salas antes mencionadas e, en 1995, á Arquitectura, no Museo Provincial de Lugo, Sala de Caixa Galicia, Círculo das Artes e Sala do Colexio de Arquitectos. En todas as edicións da Mostra se publicou un catálogo editado pola Deputación Provincial onde se recolle unha gran parte da obra exposta, así como textos específicos para cada edición de Claudio Rodríguez Fer. Nas distintas edicións da Mostra expuxeron a súa obra en Lugo fotógrafos como Franco Fontana, Rafael Navarro, Francisco Hidalgo, Alfred Seiland, Xosé Luis Suárez-Canal, Michel Semeniako, Gilbert Fastenaekens, Brian Griffin, Manuel Vilarinho, Alberto Schommer, Huberto Rivas, J. F. Bauret, Xurxo Lobato, Isabel Muñoz, Andrzej Krynicki, José M.<sup>a</sup> Ribas Prous, John Davies, Manuel Sendón, Manolo Laguillo, Luis Ortiz Lara,



Carlos Valcárcel

Valentín Roldán Real

Vitor Vaqueiro, entre outros moitos. Unha característica importante destas distintas edicións da Mostra Fotográfica consistía en que, ao mesmo tempo que se celebraban as exposicións fotográficas, se organizaban conferencias e talleres sobre distintas materias fotográficas. Así pasaron por Lugo autores como José Vázquez Caruncho, que explicou a técnica do Sistema de Zonas; Ramón Serras, que ensinou a realizar manipulacións sobre soporte de película Polaroid; Xosé Gago, que explicou a realización de técnicas antigas en fotografía, como as gomas bicromatadas, cianotipia, etc.; Michel Semeniako, que mostrou como realizou as súas series fotográficas nocturnas sobre China; Manuel G. Madarnas, que contou as súas experiencias como fotógrafo de moda; Delmi Alvarez, que falou das súas experiencias traballando nunha reportaxe sobre Cuba; e tamén directores de certames fotográficos como o portugués Rui Prata, que falou da organización e realización dos Encontros Fotográficos de Braga, ou Alicia Reguera, vogal da sociedade de actividades fotográficas de Córdoba, La Posada del Potro.



Rafael Navarro



Emile Gits

O Grupo Fonmiñá tamén publicou, entre os anos 1977 e 1980, unha ducia de boletíns informativos, se ben a calidade de edición era moi baixa e de escaso interese nos seus contidos.

### Arquivos fotográficos

No ano 1990, por primeira vez na nosa cidade, institucións públicas adquiriron arquivos fotográficos: o Arquivo Histórico Provincial adquiriu todo o material gráfico de José Luis Vega, que consta duns 300.000 negativos de 35 mms, e no que se conserva graficamente a historia de Lugo no último medio século, pois recolleu coa súa cámara todo tipo de actividades acontecidas na nosa cidade para o diario *El Progreso*. José Luis Vega chegou a Lugo en 1940 como el mesmo di nunha entrevista en *Praza Maior*, no número de maio de 1987, “porque antes viñera o meu irmán, e cando a súa muller ía dar a luz, pedíume que viñese por quince días e eses quince días transformáronse en 46 anos”; nesa mesma entrevista conta que na súa vida faría máis dun millón de negativos, aínda que no seu momento tirou ao lixo máis de medio millón deles por non os ter perfectamente controlados. Mesmo despois de xubilado seguía fotografando todos aqueles cambios que se producían na nosa cidade.

No mesmo ano de 1990 o concello adquiriu unha colección de fotografías, clixés e placas de vidro do Lugo antigo, que abarca desde finais do século XIX ata a primeira metade do XX, propiedade ata ese momento da familia Delgado, formada por unhas 4.000 pezas.

En 1997, e por parte do Arquivo Histórico Provincial, adquiriuse a colección de Juan José Vivancos, que consta duns 30.000 negativos de varios formatos e que inclúe placas de vidro. O Arquivo Histórico, despois de clasificar e estudar os materiais adquiridos, deunos a coñecer a través de diversas exposicións e publicacións de catálogos. Así, no ano 1995 realizouse a primeira exposición de fotografías de José Luis Vega, recollida no catálogo *A cidade e as xentes. Lugo 1940-1949*, á que seguiron dúas exposicións máis e

José Luis Vega







Catálogo da obra de Juan José Vivancos

os seus correspondentes catálogos: en 1996 *A cidade e ás xentes II. Lugo 1950-1959* e, en 1998, *A cidade e ás xentes III. Lugo 1960-1969*.


En 1998, o Arquivo Histórico realizou a primeira exposición sobre o traballo de Juan José Vivancos e publicou *Lugo Monumental. Fotografías de Juan José Vivancos*, no Arquivo Histórico Provincial de Lugo. E en 1999 saíu á luz unha segunda exposición, *Os traballos e os camiños*. Fotografías de Juan José Vivancos, no Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

É importante resaltar o arquivo fotográfico de José López López, que asinaba a súa obra como “Foto Pereira” e que realizou o seu traballo, principalmente entre os anos 1952 a 1972, na vila que o viu nacer, Portomarín. É particularmente interesante o material que fixo nos anos 1962-63 sobre o traslado da vila de Portomarín, con motivo de embalse do mesmo nome.

Outros moitos arquivos fotográficos están nos estudos de moitos fotógrafos das nosas vilas e da nosa cidade, ou nas casas dos seus descendentes, mais se no son recuperados nun tempo prudente, poden desaparecer para sempre, o que suporía unha gravísima perda para a recuperación da nosa memoria visual, algo que cunha grandísima visión de futuro, nos foi advertido xa polo Dr. Fritz Krüger nunha conferencia pronunciada no ano 1930 en Hamburgo, da que se reproduce unha pequena parte: “Sabemos todos que vivimos agora nunha época de transición, de transformación completa do herdado dos nosos pais, o tradicional de moitas rexións vai retrocedendo, dando lugar a tendencias niveladoras e destrutoras. O uniforme vaise impondo ao diferenciado, o común ao típico, o banal ao pintoresco, quitando a rexións e pobos a súa nota característica, o seu sabor local, a súa historia. Cometeríamos unha grave falta se non nos decatásemos deste proceso que cada día vai gañando máis terreo, cada día se vai revelando máis forte e funesto”.

## Prensa, revistas e postais

Editada pola Deputación Provincial de Lugo, no ano 1983, publicouse unha colección de postais do barrio de San Lázaro da Ponte, con motivo das festas patronais de dito barrio.



Valentín Roldán Real

Edición n.º 37 da revista *Artesonado*

Nos anos 1986-87 e no xornal *Praza Maior*, editado polo Concello de Lugo, publicáronse entrevistas aos fotógrafos lucenses Carlos Valcárcel, Valentín Roldán Real, Miguel Calvo, José Luis Vega e Juan José Vivancos, co afán de dar a coñecer os arquivos dos fotógrafos lucenses e coa pretensión tamén de interesar ás institucións públicas sobre estes.

É necesario tamén destacar o esforzo realizado por *Artesonado*, revista de difusión cultural da Asociación de Antigos Alumnos da Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos de Lugo, que dende o seu inicio, en 1988, ata a actualidade, na práctica totalidade dos seus números, lle dedica un capítulo a temas fotográficos.



Lugo. Domingo das Mozas  
1928. ASG



O Cebreiro. Luis Rueda



Hipólito Galán

O diario *El Progreso*, no ano 2000, publicou unha colección de postais de concellos da provincia e de Lugo capital, realmente moi interesantes, asignadas algunha delas por Luis Rueda e outras por ASG, sendo moitas propiedade do Arquivo Histórico Provincial e o resto sen *firma* de autor.

## Publicacións

Na década dos 80 e 90 publicáronse con certa frecuencia e, por vez primeira, libros de fotografía de obra digamos “persoal” de autores lucenses, como en 1987 *Lugo Blues* con poemas de Claudio Rodríguez Fer e fotografías de Eduardo Ochoa, editado polo Concello de Lugo.

En 1988 apareceu o libro *Cuatro por Veinte*, editado pola Deputación Provincial con fotografías de Miguel Calvo, Francisco Espinar, Eduardo Ochoa e José Reigosa; neste mesmo ano, e editado por Edicións Xerais de Galicia, saíu *Meta-relatos*, outra colaboración entre Claudio Rodríguez Fer e Eduardo Ochoa.

En 1990 publicouse o libro de José María Álvarez González *Dueños de la luz*, editado pola Deputación Provincial de Lugo.



Editado polo Centro de Estudos Fotográficos de Vigo, en 1991, na súa colección *Álbum* publicouse o libro *Luis Rueda*, con textos de Manuel Sendón e Xosé Luís Suárez, onde se recolle a obra de Luis Rueda, realizada entre os anos 50 e 70; tamén en 1991, e editado pola Deputación Provincial de Lugo, publicouse o libro *Fotoxornalismo. Galicia 80-90*, que recolleu a obra exposta no Museo Provincial de Lugo de 33 fotógrafos de prensa, entre os que se atopan os lucenses José María Álvarez, Xosé Marra e José Luis Tejero.

O diario *El Progreso* publicou en 1992 unha colección de fotografías tomadas nos distintos concellos da provincia de Lugo, principalmente escenas na rúa, que abranguen dende principios do século XX ata os anos 60, para a súa posterior encadernación no tomo *Álbum Fotográfico de la provincia de Lugo*.

No ano 1997, editado pola Deputación Provincial, e con fotografías, principalmente, de José María Álvarez González publicouse *Cinco anos de Jazz. 1991-1995*. Lugo.

En 1998, con motivo do 40 aniversario da creación da Antiga Agrupación Fotográfica de Educación e Descanso, celebrouse no Museo Provincial de Lugo a exposición *Da Agrupación Fotográfica ó Grupo Fommiñá. 1958-1998 (40 anos de Fotografía en Lugo)*, da que se publica un catálogo con textos de Isabel Gómez Rivas e Claudio Rodríguez Fer e fotografías de Juan José Vivancos, César Quijada Ruiz, Valentín Roldán Real, Luis Belló, Ismael Alonso, Luis Rueda, Francisco Gallego Morandeira, Carlos Valcárcel, Hipólito Galán, Miguel Calvo, Eduardo Ochoa, José Reigosa, José Manuel Guisasaola, Luis Engroba, Toñi F. Onega, Fernando Gago, Alfredo Bongianini e Carmen Pérez.

*A terra e os homes. Fotografías de Walter Ebeling (1928-1933)* foi editado pola Deputación Provincial de Lugo, no ano 2003, onde se recolle o material gráfico realizado por parte da nosa provincia, polo estudoso alemán Walter Ebeling, que confeccionou a súa tese doutoral sobre as formas e denominacións dos apeiros agrícolas da provincia de Lugo e que presentou en xullo de 1930. É unha pena, a vista do material que se pode ver no libro, que a maior parte do seu traballo fotográfico na nosa provincia fose destruído nos bombardeos sobre Hamburgo en 1943.



Castiñeiro con cruces de madeira. Lareira. Vilachá de Cancelada-Becerreá  
Navia de Suarna

Con motivo do 40 aniversario da creación en Lugo da emisora Radio Popular, editouse, patrocinado pola dita emisora e Caixa Galicia, o libro de fotografías *Paixón por Lugo* no ano 2007, no que a maioría das imaxes eran de José Luis Vega e de Juan José Vivancos; o resto foron cedidas polo Arquivo Municipal Lucense e os textos debéronse a Xulio Xiz.


A Deputación Provincial de Lugo publicou no ano 2009 *As portas de Rinlo* de Fernando Páez, magnífico traballo sobre a vila de Rinlo, no concello de Ribadeo.

No ano 2010, o concello de Lugo publicou o libro *Hebdomada Santa*, con fotografías de Eduardo Ochoa.

*Anacos. Trazos de luz desde o ceo* de Elena Guerrero Pascual e Xosé Pedro Fouz Hernández, é un libro no que se nos mostra unha visión da provincia de Lugo a vista de paxaro e que foi editado pola Deputación Provincial no ano 2011.



Paixón por Lugo



## Fundación Caixa Galicia

É importante o labor realizado por Caixa Galicia, a través da súa Fundación, no campo das exposicións fotográficas na nosa cidade. Así, a partir de 1994, ano no que se expón a obra de José Vázquez Caruncho, baixo o título *Rocas do Tempo*, succédense unha serie de exposicións: no ano 1995 celébranse dúas, *Du Noir au Blanc*, do francés Jean Bescos con textos de José Ángel Valente e *Galegos na escaleira*, de Xurxo Lobato. No ano 1996, ofrécese *España años 50* da fotógrafa austríaca, pero nacionalizada norteamericana, Inge Morath, onde se recolle a súa visión da España de mediados de século XX. Neste mesmo ano realízanse tamén outras dúas exposicións: *Disparos*, de Juan Rodríguez e *A outra cara*, de José María Álvez. En 1997 a antoloxía do fotógrafo de Reus, José María Ribas Prous; *Heterofobias e sonos* de Yolanda Ferrer e a do fotógrafo canadense Larry Towell. No ano 1998 foron dúas: *Vivindo co inimigo*, de Donna Ferrato e a da fotógrafa mexicana Graciela Iturbide. No ano 2000, tiveron lugar a de Virxilio Vieitez e a do fotógrafo francés Jean Dieuzaide *La Galice*, na que se expuxo o seu traballo sobre Galicia, realizado entre os anos 1958 e 1961 e no que se mostra,

Inge Morath







José María Ribas Prous

entre outras fotografías da provincia de Lugo, unha colección estupenda de dez fotos sobre a feira en Palas de Rei. A de Luis Escobar *Fotógrafo dun pobo*, foi no ano 2002. No ano 2003 fíxose a exposición do fotógrafo lucense Carlos Valcárcel *Fotografías* (1969-2001), o autor máis premiado na historia da fotografía en Lugo. A de Margaret Boureke-Wite organizouse no 2006 e a de Silvia Plachi no 2007. Gabriele Basilico e *Agua. La sangre de la tierra*, de Manuel Valcárcel, foron no 2008 e a de Ruth Matilda Anderson no 2009. Destas exposicións é importante destacar os seus magníficos catálogos, editados pola Fundación Caixa Galicia.

## Concursos fotográficos

Foron moitos os concursos de fotografía que se celebraron en Lugo, a maioría deles de curta existencia, pero entre todos destaca o xa mencionado *Trofeo Folla de Carballo*, convocado pola Agrupación Fotográfica Lucense e, que na súa modalidade de secuencia, chegou a ter unha importante resonancia en toda España.

Outro foi o Salón Galaico-Portugués de fotografía, que rematou no ano 1974, na súa terceira edición.

O Concello de Lugo patrocinou o concurso fotográfico *Lugo urbán-Lugo rural*, durante nove anos que, ademais de ter unha importante dotación económica, tivo como característica destacada o trofeo que se entregaba, consistente nunha reprodución en bronce duha cámara fotográfica.

Dende o ano 2003 o Colexio de Arquitectos de Lugo, en colaboración co xornal *El Progreso*, convoca o concurso fotográfico sobre arquitectura *Acertos de Desacertos* con carácter bial.

A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, no ano 2004, convocou o *Certame Internacional de Fotografía sobre a muralla romana de Lugo*, coa finalidade

de promocionar o monumento por toda España. Os premios que se otorgaron convertírono no concurso de fotografía dotado coa maior contía económica de todo o Estado e posiblemente de toda Europa, pois os importes foron de 18.000 €, 12.000 € e 6.000 €, para os tres primeiros galardoados, e contaba ademais con seis accésits de 1.500 € cada un.

Ademais, a Vicerreitoría da Universidade de Santiago de Compostela no Campus de Lugo vén celebrando desde hai decesete anos o *Maratón Fotográfico*, destinado no seu inicio ao alumnado universitario e aberto actualmente a todos os lucenses, contando cunha importante participación ano tras ano.

## Memoria visual de Lugo

O día 26 de xuño de 2001, inaugurouse o Centro Municipal Uxío Novoneyra coa que foi, posiblemente, a exposición fotográfica máis ambiciosa de todas as realizadas na nosa cidade ata ese momento e titulada *Memoria visual de Lugo. 161 anos de fotografía*, na que se trataba de recrear a historia da fotografía en Lugo dende as súas orixes ata finais do século XX, mostrando un percorrido pola fotografía neses 161 anos a través da obra gráfica de fotógrafos do século XIX e XX, así como unha cronoloxía da historia da fotografía. Acompañaba a exposición outra paralela sobre a historia das cámaras fotográficas; esta exposición bateu todos os *récords* de exhibición dunha exposición temporal, pois permaneceu aberta por espazo de dous anos e foi editado un catálogo que recollía parte da obra exposta.

## Outros autores

Tamén hai que mencionar outros nomes de fotógrafos actuais, que ata este momento non se citaron, como José Eulogio Rouco Lamela, que realiza as súas actividades artísticas baixo o pseudónimo de Gora Vorontsov, autor do libro de texto para Bacharelato *Imaxe*; Asunción Fernández, “Siña”, quen traballa fundamentalmente en cor e cuxa temática maioritaria é a natureza; Hixinio Flores, que traballa principalmente sobre a paisaxe intervida pola man do home, Miguel Fraga Vila, Xosé Manuel Otero, Gerardo Lozano Méndez, Damián Varela, Salvador Guinart, Aida Fernández...

No mundo da prensa débese destacar a importancia que tiveron, no pasado século, fotógrafos como José Luis Vega no diario *El Progreso* e Peinó no periódico *La Voz de Galicia*; outros fotógrafos que están realizando un traballo moi importante neste medio, apartado este que merecería un estudo en profundidade, ademais do xa mencionado José M.<sup>a</sup> Álvarez, son: Xosé Marra, Pedro Agrelo Trigo, Xosé Vázquez, Prado, Oscar Cela ou Xulio Vilariño.

Ata aquí, dun xeito conciso, fíxose un percorrido polo mundo da fotografía en Lugo, mencionando algúns dos acontecementos que aconteceron ao longo dos séculos

XIX-XX e parte do actual ou, polo menos, aqueles dos que se pode dar noticia. Queda para outra ocasión e, posiblemente para outras persoas, valoralos e facer unha historia crítica da fotografía en Lugo.



Luis Belló



Cámara exposta

## Bibliografía

- ARRIBAS ARIAS, Fernando. José Gil. *Pioneiro da cinematografía galega en Lugo*. Boletín do Museo Provincial de Lugo. Tomo V, 1992, páxs. 134-143. 1992.
- CASTELLANOS, Paloma. *Diccionario histórico de la fotografía*. Istmo, S.A. Madrid. 1999
- FONTANELLA, Leo. *La historia de la Fotografía en España*. Desde sus orígenes hasta 1900. El Viso, S.A. Barcelona. 1981.
- OCHOA, Eduardo. *Entrevista a Juan José Vivancos, Praza Maior*. N.º 9. Maio. 1987. Concello de Lugo.
- OCHOA, Eduardo. *Outono Fotográfico. 1983/1992, 10º Aniversario*. Ourense. 1992
- OCHOA, Eduardo. *Memoria Visual de Lugo. 161 anos de fotografía*. Concello de Lugo. 2002.
- SAAVEDRA CARBALLIDO, M.ª Jesús e López Sesto, Olga. 1898. *Lugo Fín do Século*. Concello de Lugo. 1998.
- SENDÓN, Manuel. *Imaxes na penumbra. A fotografía afeccionada en Galicia (1950-1965)*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo. 1998.
- SOUGEZ, Marie-Loup. *Historia de la Fotografía*. Cátedra, S.A. Madrid. 1991
- VV.AA.. *Boletines de la Agrupación Fotográfica Lucense de Educación y Descanso*. Lugo. (1960-1966).

## Conversacións mantidas coas seguintes persoas

- Valentín Roldán Real (1986)
- José Luis Vega (1987)
- Juan José Vivancos (1987)
- M.ª Dolores Pereira Oliveira (2000)
- Julio Reboredo Pazos (2000-2012)